



CIRCULAR INFORMATIVA 10/2018

RENOVACIÓN DA PÓLIZA DO SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL (01.07.2018)

O vindeiro 30.06.2018 ás 24 h vence a póliza do seguro de responsabilidade civil que o Colexio ten contrata coa aseguradora Allianz, a través da corretoría Aon, para asegurar a responsabilidade civil dos nosos colexiados.

Durante os últimos dous meses dende a secretaría técnica e a comisión creada para este fin no Colexio leváronse a cabo diferentes negociacións con algunhas das corretorías máis importantes, Aon, Adartia e Artai. Entre as ofertas recibidas, as máis beneficiosas resultaron ser a de Aon coa aseguradora Allianz, a de Adartia con Catalana Occidente e a de Artai con AXA.

A Comisión do Seguro de Responsabilidade Civil, tras estudar detalladamente as tres ofertas citadas, propuxo á Xunta de Goberno a renovación da póliza coa aseguradora Allianz, ao conseguir un incremento considerable das coberturas e unha redución duns 65 euros na prima anual por asegurado.

Características da nova póliza de Allianz

- **Límite asegurado: 450.000 €** (antes 318.000 €)
- **Prima anual por colexiado: 254,76 €** (antes 320 €) (a este importe descontaráselle a subvención do Colexio, que será de 40/45 euros ao ano)
- **Franquía: 500 €** (os dous primeiros sinistros); 1500 € (a partir do terceiro sinistro)
- **Outras melloras:**
 - Garantía por infraccións de protección de datos.
 - Inclusión da actividade do letrado como compliance e delegado de protección de datos.
 - Incremento do límite de cobertura de reclamación ao contrario a 30.000 €
 - Inhabilitación profesional: 2.500 €/mes.

Solicitudes de alta (só novas altas)

Os colexiados **que xa figuran dados de alta** na póliza anterior pasarán **automaticamente** á nova, **salvo que comuniquen a súa baixa por escrito antes do 21 de xuño ás 14.00 h.**

Os colexiados **que aínda non figuran de alta** (novas altas) dispoñen tamén dun prazo **ata o 21 de xuño ás 14.00 h** para solicitar por escrito a súa incorporación á dita póliza, que terá efectos a partir do 01.07.2018.





CIRCULAR INFORMATIVA 10/2018

Baixas

Os Colexiados que figuran de alta na póliza anterior e non teñan interese na renovación poderán **solicitar expresamente a súa baixa por escrito** ante o Colexio **antes do día 21 de xuño ás 14.00 h.**

Os Colexiados que estaban de alta na póliza e que por calquera motivo se desen de baixa no Colexio no transcurso da última anualidade serán dados de baixa ao non figurar xa como Colexiados.

No caso dos Colexiados que durante a última anualidade pasasen á situación de non exercentes, poderán continuar nesta póliza como Colexiados non exercentes.

Obrigatoriedade

Lembrámosvos que esta póliza do seguro de responsabilidade civil (ou outra similar contratada de forma particular) só é obrigatoria para os letrados que figuran de alta no servizo de asistencia a persoas detidas, na quenda de oficio e nos servizos de mediación deste Colexio.

Subvención do Colexio

A póliza estará subvencionada cun importe de 30.000 euros anuais, que serán repartidos entre todos os Colexiados asegurados.

Ampliacións ou segundas capas

Os Colexiados asegurados que teñan contratadas de forma particular ampliacións de cobertura ou segundas capas serán contactados polo mediador Aon para negociar a renovación das ditas ampliacións.

Para resolver calquera dúbida ou ampliar a información, poderase contactar coa secretaría técnica do Colexio (Manuel Arza) no teléfono 981581713.